

O 27 de novembro de 1990 celébrase a 1ª Festa de Samaín co obxectivo de reivindicar que o tallado de caliveras na cortiza dos melóns é algo propio da nosa memoria e que non deberamos deixar que "o recente chegado Halloween" nos fixera esquecer quen somos e de onde vimos.

A idea, en orixe, era facer una festa familiar e integradora na que tiveran cabida dende os mais novos, que serán os que manteñan viva a nosa cultura, ata os mai vellos, os encargados de transmitila.

Arredor desta idea faríase unha merenda e talleres de tallado de melóns, entroutras actividades, durante toda a tarde, nas que participe toda a familia. Ó caer a noite, no luscofusco, levaríase a cabo un pequeno pasarrúas, ledo e barulleiro, no que participáramos todas e todos e no sentido de rirnos uns coas outras, non de pasar medo.

Nos últimos tempos esta idea vai mudando nunha festa de disfraces para poñer medo, ó estilo halloween, o que ven a contaminar o sentido orixinal da Festa de Samaín.

Os organizadores da Festa de Samaín queremos hoxe, non tanto prohibir (quen somos nós) senón recordar o sentido da festa e pedirvos que, no caso de quererdes vir disfrazados, o fagades recordando as nosas antigas tradicións isto é, ou ben de pantasma branca (as avisións) ou coa cara ciscada simulando ser una ánima do outro mundo.

Organiza:



Colabora:



Asoc. Mulleres da Vila de Cedeira | ANPA Picapeixe

Asociación Cultural Buxainas | Museo Mares de Cedeira

Escola de Música de Cedeira | Banda de Música Vila de Cedeira

Veciñas e veciños de Cedeira



XXXIV FESTA DE SAMAIN

Polo Samain caveiras eu vin...

Trinta e catro festas dinse pronto, non hai corpiño que o aguante, por iso invitamos a canta pantasma e avisión ande arredor nosa a participar neste o noso Samain. Voltamos para meter o medo e botar a correr...

Sede pois veciñas e veciños benvidas a desfrutar desta festa pensada para que as persoas miúdas da casa desfruten coma antes fixeron os seus avós, as súas avoas...

Programa

VENRES 1 DE NOVEMBRO

Museo Mares de Cedeira

16.00h. Obradoiro de farolillos terroríficos de Samaín.

Inscripcións WhatsApp 614209504 - Prezo 3 €

Carpas no Paseo da Mariña

Ás 17.30 h. comezaremos as nosas actividades

- Obradoiro de zonchos

Fame non imos pasar cos nosos rosarios de zonchos ben fiados. Unha entretida e gastronómica actividade!


- Obradoiro de creación de adornos para levar no pasarrúas.

Aprenderemos a facer as nosas pantasmañas e ánimas para ir alumeando o noso camiño no Pasarrúas das pantasmas...

Ás 20.00 h. Contacontos

Iseo a moura presenta: "De cea cos defuntiños"

Por tres días, por tres noites ao ano, o veo que separa o mundo dos vivos do mundo dos mortos cae. É entón cando os nosos seres queridos, parentes ou aqueles que finaron deixando asuntos pendentes, fan o camiño de volta a casa. E como os recibimos na Galiza? Con medo? Con disfraces gore e unha bola de cristal? Non, ho! Coa mesa posta coa súa comida favorita e un carreiriño de candeas ata a porta, para que non tropecen no camiño, que a aldea moito ten cambiado dende que a deixaron...



SABADO 2 DE NOVEMBRO

Carpas no Paseo da Mariña

A partires das 17.00 h entrega e exposición de cabazas.

Achegade as vosas creacións cabaceiras e melonudas para que todas as persoas que por alí pasemos poidamos desfrutar da vos arte!

- Obradoiro de tallado de cabazas.

Que non trouxechéchedes os vosos calacús? Non pasa nada, ben podeades tallar a vos divertida cabaza no noso obradoiro!

- Obradoiro de maqueado.

Meter o medo e botar a rir, que mellor xeito de facelo que coa nosa cara ben maqueada!

- Casa das Ánimas

- Merendola de outono

Bola de azucre e requeixo, dous clásicos da nosa festa que non han faltar!

20.30 h Pasarrúas das pantasmas por todo o casco antigo

Anímate a achegarte ao noso pasarrúas vestido cunha saba, camisón vello, roupa branca... Convertido nunha auténtica ánima...

As pantasmas percorreren o casco antigo da nosa vila cando as luces deixen paso a escuridade máis tenebrosa...

DOMINGO 3 DE NOVEMBRO

Auditorio Municipal - Rede Galega de Teatros e Auditorios

19.00h. Diana Sieira Cía presenta "The Witch" - Entrada: 2,5 €

The Witch é unha invocación aos elementos. Unha palabra máxica. Unha liberación. Un espectáculo ritual que convida ao público a vivilo. Dentro, a Cómica, a Menciñeira e a Acusada entrelazan as súas historias a través da palabra, a imaxe e a acción para rematar nunha danza catárquica que as levará á fogueira (ou non). Pois as tres son unha. E unha son as tres. A Inquisición observa, pero neste ritual, o público é soberano

